

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 28 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Pemes galegas para a adquisición ou renovación de equipamento industrial, e se procede á súa convocatoria (IN 530B).

Advertidos erros na Orde do 28 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Pemes galegas para a adquisición ou renovación de equipamento industrial, e se procede á súa convocatoria (IN530B), publicada no DOG nº 68, do 9 de abril de 2008, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 6.136 no artigo 17º, Subcontratación, onde di:

«A subcontratación realizarase de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 17 de novembro, xeral de subvencións, podendo alcanzar o custo total da actividade proposta.

En todo caso respectarase a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos en que recaian algunha das condicións establecidas no artigo 29 da citada lei, e no artigo 68 do Real decreto 887/2006, que desenvolve a citada lei. Faise especial indicación de que os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores».

Debe dicir:

«A subcontratación realizarase de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso respectarase a prohibición de subcontratación cos provedores de bens ou servizos en que recaía algunha das condicións establecidas no artigo 68 do Real decreto 887/2006, que desenvolve a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Faise especial indicación de que os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores».

Na páxina 6.138 no anexo II, Relación de IAES, onde di:

«2211-2559 Aquelas epígrafes do IAE que se inclúan no devandito intervalo (extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados. Industria química).

Aquelas epígrafes do IAE que empecen por 3 (industrias transformadoras dos metais. Mecánica de precisión).

Aquelas epígrafes do IAE que empecen por 4 (outras industrias manufactureiras).

5013 Albanelaría e pequenos traballos de construción.

5041 Instalacións eléctricas en xeral.

5042 Instalacións de fontanaría.

5043 Instalacións frío e calor.

5044 Instalacións pararraios.

5045 Instalacións cocinas.

5046 Instalación aparellos elevadores.

5047 Instalacións telefónicas.

5048 Montaxes metálicas e instalacións industriais.

5051 Revestimentos exteriores e interiores.

5052 Sollados e pavimentos.

5053 Sollados e pavimentos de madeira.

5054 Colocación de llamentos en edificios.

5055 Carpintaría e cerrallaría.

5056 Pintura e revestimento con papel, tecido.

5057 Xeso, escaiola e decoración.

507 Construción, reparación e conservación de toda clase de obras.

6911 Reparación de artigos eléctricos para o fogar.

6912 Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos.

6919 Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.

692 Reparación de maquinaria industrial.

9711 Tinguidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro.

9712 Limpeza e tinguidura de calzado.

9721 Servizos de perrucaría de señoras e cabaleiros.

9722 Salóns e institucións de beleza».

Debe dicir:

«2211-2559 Aquelas epígrafes do IAE que se inclúan no devandito intervalo (extracción e transformación de minerais non enerxéticos e produtos derivados. Industria química).

Aquelas epígrafes do IAE que empecen por 3 (industrias transformadoras dos metais. Mecánica de precisión).

Aquelas epígrafes do IAE que empecen por 4 (outras industrias manufactureiras).

5013 Albanelaría e pequenos traballos de construción.

5041 Instalacións eléctricas en xeral.

5042 Instalacións de fontanaría.

5043 Instalacións frío e calor.

5044 Instalacións pararraios.

5045 Instalacións cocinas.

5046 Instalación aparellos elevadores.

5047 Instalacións telefónicas.

5048 Montaxes metálicas e instalacións industriais.

5051 Revestimentos exteriores e interiores.

5052 Sollados e pavimentos.

5053 Sollados e pavimentos de madeira.

- 5054 Colocación de illamentos en edificios.
 5055 Carpintaría e cerrallaría.
 5056 Pintura e revestimento con papel, tecido.
 5057 Xeso, escaiola e decoración.
 507 Construción, reparación e conservación de toda clase de obras.
 6911 Reparación de artigos eléctricos para o fogar.
 6912 Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos.
 6919 Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.
 692 Reparación de maquinaria industrial.
 9611 Produción de películas cinematográficas.
 9612 Dobraxe, montaxe de películas.
 9613 Decoracións escénicas películas.
 9711 Tinguidura, limpeza en seco, lavado e pasada de ferro.
 9712 Limpeza e tinguidura de calzado.
 9721 Servizos de perrucaría de señoras e cabaleiros.
 9722 Salóns e institucións de beleza».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 23 de abril de 2008 pola que se modifica a do 21 de setembro de 2007, na que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, da Consellería do Medio Rural, e se convocan para o ano 2008.

A Consellería do Medio Rural publicou o 25 de setembro de 2007 a Orde do 21 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, e se convocan para o ano 2007. Estas axudas convocáronse amparadas no Regulamento (CE) 1698/2005 relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), así como na normativa comunitaria sobre axudas de estado, e enmárcanse dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, eixe 1, co código 124.

A entrada en vigor da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como a experiencia adquirida na xestión destas axudas fai conveniente introducir algunhas modificacións que afectan o sistema de xestión. Así mesmo, ante o inicio do exercicio orzamentario

2008, procede realizar a convocatoria correspondente a ese ano.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é modificar a Orde do 21 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, e convocar as correspondentes ao exercicio orzamentario do ano 2008.

SECCIÓN PRIMEIRA

MODIFICACIÓN DA ORDE DO 21 DE SETEMBRO DE 2007

Artigo 2º.-Introdúcense as seguintes modificacións na Orde do 21 de setembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal:

Primeira.-Modificación do punto 2 do artigo 2º da Orde do 21 de setembro de 2007.

O punto 2 do artigo 2º (contía das axudas) da Orde do 21 de setembro de 2007 quedará redactado como segue:

«2. Terán a condición de axentes cooperantes nas accións propostas polos beneficiarios das axudas os seguintes:

a) Produtores do sector agroforestal e as súas asociacións e outras organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria.

b) Centros de investigación e experimentación da Consellería do Medio Rural e centros tecnolóxicos participados por ela, así como outros centros públicos de investigación da comunidade autónoma. O orzamento das actividades de ningún dos axentes cooperantes poderá ser inferior ao 10 % do orzamento total da proposta de cooperación».

Segunda.-Modificación do punto 1 do artigo 4º da Orde do 21 de setembro de 2007.

O punto 1 do artigo 4º (contía das axudas) da Orde do 21 de setembro de 2007 quedará redactado como segue:

«1. A contía máxima subvencionada en cada proposta de cooperación será de 200.000 euros. A dita subvención pode chegar a cubrir o custo total da